



CONCELLO DE LOBIOS

Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
P – 3204300 – B
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE LOBIOS A VINTE E NOVE DE SETEMBRO DE DOUS MIL QUINCE

No Salón de Plenos da Casa Consistorial do Concello de Lobios, sendo as doce horas e trinta e cinco minutos do día vinte e nove de setembro de dous mil quince, tras a correspondente convocatoria, e baixo a presidencia da Sra. Alcaldesa-Presidenta, Dña. María del Carmen Yáñez Salgado, tivo lugar a sesión ordinaria do Pleno deste Concello que contou coa asistencia dos/as seguintes Concelleiros/as:

- Jesús Rodríguez Rodríguez
- Domingo Veloso Silva
- Prudencio Pérez Pérez
- Elsa Susana Pena Fernández
- Manuel López Álvarez
- Francisco Veloso González
- Juan Manuel Ferreira Ferreira
- Javier Vieira da Cuña
- David Fernández Delgado
- Manuel Fernández Vázquez

Actúa como Secretaria, a da Corporación, D^a Marta Izquierdo Gamallo.

Sendo a hora sinalada, e previamente a tratar os asuntos que conforman a orde do día que foron legal e previamente notificados, a Alcaldía procede á motivar a urxencia da convocatoria da presente sesión.

Explica a Sra. Alcaldesa aos/ás presentes que a urxencia da sesión ven dada pola necesidade de aprobar a Conta Xeral correspondente ao exercicio 2014 debe ser aprobada antes do 1 de outubro así como a determinación dos festivos locais para o vindeiro ano que ten que estar aprobada antes do 30 de setembro.

Sométese a continuación a votación sendo aprobada a urxencia pola unanimidade dos/as presentes.

Pásase logo a tratar os asuntos incluídos na orde do día.


PRIMEIRO.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTA XERAL CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2014.

Por parte da Alcaldía dáse lectura a súa proposta sobre aprobación da Conta Xeral correspondente ao exercicio 2014. Informa aos/ás presentes que a Conta Xeral con toda a súa documentación pasou pola Comisión Especial de Contas, fíxose o trámite de exposición ao público e agora tocaría aprobala para pasala ao Tribunal de Contas.

Toma a palabra o Sr. Concelleiro D. Francisco Veloso González quen manifesta que se trata do Pleno mais importante do ano porque se vai a aprobar un orzamento de mais de dous millóns de pesetas.

Neste intre interrómpese a sesión pola Alcaldía, quen tras consultalo coa Secretaria-Interventora, solicita a unha asistente como público que está a grabar a sesión co seu móbil, que deixe de facelo, ao non solicitalo e ser autorizado previamente pola Alcaldía.

A Sra. Alcaldesa explica novamente que o que se pretende con este Pleno é aprobar a Conta Xeral do ano 2014 debidamente conformada. Cédelle a palabra á Secretaria-Interventora quen procede a explicar aos/ás presentes que coa aprobación da Conta Xeral o que se pretende é dar traslado da mesma ao Consello de Contas aos efectos de que proceda a fiscalizar a xestión municipal correspondente ao ano 2014. Que a Conta Xeral está integrada por unha serie de documentos contables que figuran no expediente, e que o que se vota é o feito de que a mesma está debidamente formada. Que o sentido da votación non se refire ao





Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
P – 3204300 – B
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

feito de estar de acordo ou non co contido da mesma, coa xestión levada a cabo no exercicio de que se trate.

O Sr. Veloso González manifesta que non tivo coñecemento da Comisión de Contas.

En relación con isto intervén a Secretaria-Interventora quen explica que se intentou notificar ao Sr. Concelleiro por medio do GES, e tamén por correo certificado, non sendo recollida a notificación.

O Sr. Veloso cuestiona a actuación de protección civil para realizar as notificacións.

Lébralle a Secretaria-Interventora que dado o tamaño do Concello, a ausencia de axentes notificadores e as limitacións de tempo e persoal, aos efectos de recibir notificacións o mais axeitado sería que fixase un domicilio dentro do termo municipal.

O Sr. Veloso González manifesta que se lle notifique no seu domicilio de Ourense ou por teléfono.

A continuación, o referido Concelleiro solicita que se dea lectura ao informe da Secretaria que figura no expediente da Conta Xeral 2014.

A Secretaria-Interventora da lectura ao seu informe de data 18 de maio de 2015 que se transcribe literalmente:

INFORME DE INTERVENCIÓN

ASUNTO.- RENDICIÓN DA CONTA XERAL CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2014

*Segundo o establecido no artigo 200.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, e na Regra 100.1 da Orde EHA/4041/2004, de 23 de novembro, pola que se aproba a Instrución do Modelo Normal de Contabilidade Local, por parte da Intervención procedeuse á formación da Conta Xeral correspondente ao exercicio 2012, en relación coa que se emite o seguinte, **INFORME***

1.- Normativa aplicable

- *Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local (LBRL).*
- *Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora de Facendas Locais (TRLFL).*
- *Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria (LXO).*
- *Orde EHA/4041/2004, de 23 de novembro, pola que se aproba a Instrución do Modelo Normal de Contabilidade Local.*

2.- Documentación integrante da Conta Xeral.

A Conta Xeral das Entidades Locais en canto instrumento que pon de manifesto a xestión municipal nos ámbitos económico, financeiro, patrimonial e orzamentario, e como mecanismo de control, estará integrada pola da propia Entidade, pola dos seus Organismos Autónomos e polas Contas das Sociedades Mercantís de capital integramente propiedade da mesma.

A súa vez, a Conta Xeral da Entidade e a dos seus Organismos Autónomos estará integrada por toda a documentación esixida pola normativa vixente, segundo o detalle e o contido que se sinala a continuación:


- *Balance.*
- *A Conta do Resultado Económico-Patrimonial.*
- *Estado da Liquidación do Orzamento.*
- *A Memoria.*

As contas anuais da propia entidade local e dos seus organismos autónomos deberá unirse a seguinte documentación:

- *Actas de arqueo das existencias en caixa referidas a fin de exercicio.*
- *Notas ou certificacións bancarias dos saldos existentes nas mesmas a favor da entidade local ou dos organismos autónomos, referidos a fin de exercicio e agrupados por nome ou razón social da entidade bancaria.*

3.- Procedemento de aprobación da Conta Xeral.

Segundo dispón o artigo 212.2 do TRLFL, a Conta Xeral será formada pola Intervención Municipal. Unha vez formada, correspóndelle ao Presidente da Entidade Local a rendición das contas, polo que, segundo dispón o artigo 21.1.f) da LBRL, someterá a Conta Xeral xunto con todos os seus xustificantes e Anexos a informe da Comisión Especial de Contas, antes do 1 de xuño. Advírtese sobre o incumprimento deste primeiro prazo debido ao volume de traballo na Secretaria-Intervención.



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
P – 3204300 – B
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

A Conta Xeral co informe da Comisión Especial de Contas será exposta ao público por prazo de quince días, durante os cales e oito mais, os interesados poderán achegar reclamacións, reparos ou observacións. Examinados estes pola Comisión Especial de Contas e practicadas por esta cantas comprobacións estime necesarias, emitirá un novo informe.

Acompañada dos informes da Comisión Especial de Contas e de todas as reclamacións e reparos formulados, a Conta Xeral someterase ao Pleno da Corporación para que, no seu caso, poida ser aprobada antes do día 1 de outubro.

A Conta Xeral debidamente aprobada remitirase ao Tribunal de Cuentas e ao Consello de Contas de Galicia.

A aprobación da Conta Xeral é un acto esencial para a fiscalización desta polos órganos de control externo, que non require a conformidade coas actuacións reflectidas nela, nin xera responsabilidade por razón da súa aprobación.

Achégase ao presente informe de Intervención o Balance, a Conta do Resultado Económico-Patrimonial, o Estado de Liquidación do Orzamento e a Memoria, segundo os modelos e o contido regulados na Cuarta parte, «Contas Anuais», do Anexo da Orde EHA/4041/2004, de 23 de novembro, pola que se aproba a Instrución do Modelo Normal de Contabilidade Local, xuntamente coas actas de arqueo e certificacións bancarias.

No Anexo I a este Informe, reproducése o informe de Intervención sobre a liquidación do orzamento correspondente ao exercicio 2014.

No Anexo II achégase copia dos informes de reparo de Intervención formulados durante o exercicio 2013, en cumprimento do disposto no artigo 212 do TRLFL, que non forman parte da Conta Xeral pero acompañana na súa función de control e fiscalización.

4.- Conclusión

Infórmase favorablemente o contido da Conta Xeral correspondente ao exercicio 2014 aos efectos previstos no artigo 212 do TRLFL.

Lobios, 18 de maio de 2015

A Intervención,

Marta Izquierdo Gamallo

O Sr. Concelleiro Veloso González fai un breve comentario sobre o gasto en persoal e o gasto total realizado, e sinala que a fiscalización lle corresponde aos Sres. Concelleiros do PSOE. En relación co ano 2014 condena o comportamento dos concelleiros do BNG e do PSOE non comparecendo nunca aos Plenos. Ante esa situación de ausencias reiteradas o Concello debe proceder a requirilos para que cumpran coa súa obriga como concelleiros, e de non ser así, multalos conforme corresponda. Situación que tampouco ocorreu. Engade que a lexislatura pasada practicamente non tivo oposición, nin control da xestión do goberno municipal. Referíndose á Sra. Alcaldesa propón unha colaboración da oposición co goberno. El estivo vindo aos Plenos no ano 2014. Quere que se lles deixe un local para o exame da documentación que vai aos Plenos. Que non viron nada. Quere colaborar co concello e que se respecte a lei. Quere que se poñan a súa disposición as actas da XGL e dos Plenos. Que haxa un local e que os expedientes estean a disposición de todos os concelleiros. Que cando cheguen ao Pleno teñan coñecemento dos asuntos a tratar.

Respóndelle a Sra. Alcaldesa que nunca se lles puxo ningunha pega a colaborar nin ao exame dos expedientes. Que toma nota do envío das actas. Que os expedientes están a súa disposición. Insiste en que o carácter extraordinario do Pleno é para render a Conta Xeral ao Consello de Contas que é a quen lle compete a fiscalización externa.

O Sr. Veloso para evitar a súa responsabilidade en todo isto, sobre posibles irregularidades, no caso de as haxa, xa que o Concello de Lobios foi fiscalizado con anterioridade, solicita que se lle dea traslado ás autoridades competentes, reservándose a posibilidade de impugnar en vía xudicial.


Lémbrales a Alcaldía que non se vota o contido da Conta Xeral.

Non habendo mais intervencións sométese a votación a expresada proposta, que resulta aprobada, sendo o sentido da votación o seguinte:

- Votos a favor: seis (PP)
- Votos en contra: cinco (PSOE).
- Abstencións: cero.

Resulta aprobado o seguinte acordo

Visto o expediente tramitado para a aprobación da Conta Xeral correspondente ao exercicio 2014, formada pola Intervención municipal e ditaminada favorablemente pola Comisión Especial de Contas, reunida en



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
P – 3204300 – B
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

sesión de data 27 de agosto de 2015, tras ser exposta ao público mediante anuncio insertado no Boletín Oficial da Provincia de Ourense e no Taboleiro de Edictos da Corporación durante o período regulamentario. Seguido o trámite e procedemento legalmente establecido nos artigos 208 a 212 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais.

En virtude das atribucións conferidas a esta Alcaldía pola Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local e polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, propoño ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar a Conta Xeral do exercicio 2014, integrada pola da propia entidade local así como os seus anexos e xustificantes.

Segundo.- Unha vez aprobada a Conta Xeral, renderase, por vía telemática, ante o Consello de Contas de Galicia e Tribunal de Cuentas.

SEGUNDO.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS DÍAS FESTIVOS PARA O ANO 2016.

Por parte da Alcaldía dáse lectura a súa proposta sobre os festivos para o ano 2016.

Non habendo intervencións sométese a votación a expresada proposta, que resulta aprobada co voto favorable da unanimidade dos/as presentes.

Resulta aprobado o seguinte acordo:

Visto o escrito achegado pola Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia, sobre determinación de festivos locais aos efectos de configurar o calendario laboral para o ano 2016, o Concello Pleno adoptou o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Fixar como días festivos locais para o ano 2016 os seguintes:

- 3 de febreiro de 2016: San Blas
- 9 de febreiro de 2016: Martes de Entroido

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo á Consellería de Traballo e Benestar.

E non habendo mais asuntos que tratar a Sra. Alcaldesa-Presidenta, levanta a sesión, sendo as trece horas e do día anteriormente sinalado, do que eu como Secretaria dou fe.

A Presidenta

María del Carmen Yáñez Salgado

A Secretaria-Interventora

Marta Izquierdo Gamallo